

## EXERCICIOS DE AUTOAVALIACIÓN

1. É a seguinte secuencia un texto? Explica a resposta.  
*Se non traballas, nunca serás ningún.*
2. Son textos as secuencias seguintes? Explica a resposta.
  - a) *Máis vale un paxaro na man que cento voando.*
  - b) *Un paxaro vale na man e cento voando.*
  - c) *Máis vale vil volátil na cavidade metacarpiana que un cento destes pululeando polo éter ambiental.*
3. Sinala os procedementos lingüísticos que fan que o seguinte texto estea cohesionado:  
*Ao estudo da época prehistórica e antiga de Galicia dedicouse gran parte da historia local desenvolvida neste século. Non obstante, son maiores as dúbidas e controversias que as certezas. A antigüidade dos primeiros asentamentos humanos sobre territorio galego é asunto controvertido. Datacións dalgunhas estacións paleolíticas sitúan os restos máis antigos coñecidos entre os anos 18 e 26 mil a.C., aínda que as técnicas e material ergolóxico atopado suxire unha datación anterior.*  
VILLARES, Ramón: *Historia de Galicia*. Editorial Crítica.
4. Explica a progresión temática no seguinte texto:  
*Funcións dunha lingua.*  
*As funcións matrices, segundo J. M. Sánchez Carrión, son as seguintes: de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional.*  
*A función de identidade é aquela que realiza a lingua no marco interno do individuo, servíndolle a este como canle de articulación do pensamento. A familiar é a función que desempeña unha lingua como elemento de relación no seo dunha familia, mentres que a laboral o é no mundo do traballo e a local nos contactos entre persoas do mesmo entorno cotián.*  
*Para que unha lingua desempeñe a función institucional é preciso que esta sexa o vehículo normal de comunicación entre o individuo e os diferentes estamentos (sociais, culturais, políticos, económicos, administrativos) da entidade nacional á que pertence. Por outra parte, unha lingua exercerá a función cultural ou de civilización cando a súa comunidade de usuarios se sirva fundamentalmente dela para expresar e recibir os conceptos e as mensaxes das ciencias e da arte do seu tempo histórico.*  
*Xa por último, a función internacional é aquela que exerce unha lingua cando é utilizada non só polos seus falantes orixinarios senón tamén por individuos pertencentes a outras nacións.*  
PORTAS, Manuel: *Lingua e sociedade na Galiza*. Ed. Bahía.
5. Identifica, e xustifica caracterizándoos, a variedade dialectal de cada un destes textos. Se é posible identifica tamén a área.
  - a) *Mira, eu vouvos a decir, non teño non teño nada en contra de Castilla; pero si muto a favor de Galicia, porque nós a nosa vida, todas as transaciois de todas estas cousas, facémolas en Galicia: ventas ie compras ie todo iso, é con Galicia.*
  - b) *É unha vida, bonita, si, o traballo é bonito, ves, tas no mar, unha vida moi, dighamos, dentro do que che pode cansar o, o traballo pois, soseghada. Personalmente a min pois, estar no mar, navegar, ver o so, ver as estrelas, ás veces ver unha puesta de sol na, na sona marroquí ou pola, polo sur das Canarias é moi diferente a como a podemos ver aquí.*

c) *E, e moita xentiña iba. Aí de Malpica, unhos romeiros de Malpica, unhas romeiriñas, que durmiran na nosa casa. Iso fora verdá, eh! Si, volveu, foi catro veces no vrao a san Andrés, por catro personas que lle morreran.*

FERNÁNDEZ REI, F., HERMIDA, C.: *A nosa fala*. En *Lingua galega e literatra* 1. Ed. Santillana.

6. Sinala os dialectalismos dos seguintes textos e coméntaos brevemente:

a) Para canta-la regheifa / señores pido lisensia / pa que non dighan señores / rapás fostes atrevido.

b) Úa vez deixera mia abolica'l muín mo'endo, ía véu mi abulico de noite co'l macho a parálo, ía cuando chegou, atou'l macho ehí, na porta.

c) Tiñ'a tía María Cesteira un ghalo moi bo, e veu un día a zorra e marchoulle cuel; iempezaron ar mulleres que'staban alí a berrar.

Textos recollidos de *Lingua galega-COU*. Ed. Bruño.

### Solucións:

1. É un texto, porque é un conxunto de signos dentro dun sistema de escritura con unidade de sentido. Presenta as propiedades da cohesión (relación condicionante-condicionado por medio do nexos), da coherencia (nun sistema de valores onde o traballo é un valor positivo para lograr ser alguén na vida, non se pode deixar de traballar, pois en caso contrario nunca se chegará a ser algo), da adecuación (a mensaxe está transmitida cunha linguaxe intelixible para o destinatario: calquera persoa dun nivel elemental de formación), ten significado (a mensaxe é clara: para ser alguén hai que traballar), ten intencionalidade (lograr que o receptor valore o traballo), e ten un cerre (a información está completa). Con todo este é un texto moi breve, polo que será difícil atopar outras propiedades, que se dan en textos máis extensos.

2. O (a) si é un texto, porque presenta cohesión, coherencia... Pero (b) non o é por faltarlle significado, etc.. E (c) non o é na medida en que non parece usar a lingua adecuada ao tipo de receptor ao que vai dirixida a mensaxe: lector non especializado.

3. Neste texto aparecen determinados procedementos lingüísticos que favorecen a cohesión, como:

A adición (e), o contraste (*non obstante, aínda que*), comparación (*maiores que*), repeticións (*datacións, datación*), presenza de deícticos (*neste*).

4. As ideas van progresando a partir dun listado de funcións inicial que, despois, se vai explicando de xeito individualizado, caracterizando cada unha das funcións.

5. O texto (a) pertence ao bloque oriental, área zamorana. As características que xustifican esa identificación son: castelanismos (*decir, Castilla, vouvos a decir* por *dicir, Castela, vouvos dicir*); dialectalismos (*muta* [área zamorana], *transaciois* [bloque oriental], *ie* [dialecto bable / asturiano] por *moito, transacións, e*).

O texto (b) pertence ao bloque occidental, área fisterá. As características que xustifican esa identificación son: castelanismos (*personalmente, estrelas, puesta* por *persoalmente, estrelas, posta*); vulgarismos (*tas* [aférese] por *estás*); dialectalismos (*gheada* [bloques occidental e central]; *dighamos, soseghada, naveghar*; seseo total [bloque occidental]: *veses, sona*; cheísmo (*do que che pode cansar* [área fisterá])).

O texto (c) pertence ao bloque central, área central de transición, aínda que non obrigatoriamente. As características que xustifican esa identificación son: castelanismos (*iba* por *ía, persona* por *persoa*); vulgarismos (*verdá* [apócope] por *verdade*); dialectalismos (*unhos* por *uns, vrao* por *verán*), ademais ten ditongo *oi* (*moita*), demostrativo neutro con *e* (*eso*), terceira

persoa de singular do perfecto da 2ª en *-eu* (*volveu*), grupo *cua-* evolucionado a *ca-* (*catro*). Son todas características que se dan no galego central e na área central de transición, pero tamén poderían aparecer en zonas das outras áreas.

6. No texto (a) hai exemplos de seseo, gheada e desinencia *-stes* para a segunda persoa de singular do perfecto: *regheifa, dighan, lisensia, rapas, fostes*.

No texto (b) hai exemplos de indefinido feminino *úa* con perda do *(-n-)* intervocálico; vogal temática *(e)* en vez de *(a)*, no pluscuamperfecto de indicativo da C1 (*deixera* por *deixara*); posesivo feminino *mia*, masculino *mi* (castelanismo) en vez de *miña, meu*; vacilación na perda e conservación do *(-l-)* intervocálico (*abulica, abulico, muín, mo'endo*); ditongo *oi < oct* (noite), artigo determinado masculino *'l* (*abolica'l muín, co'l macho, atou'l macho*), *ía* en vez de *e* (conxunción); conservación do grupo inicial *cua-* (*cuando*); *ehí* en vez de *aí*.

No texto (c) hai exemplos de gheada (*ghalo*).